



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ANUNCIO

ASUNTO: APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DAS PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DA BAÑA.

O Pleno da Corporación na sesión ordinaria realizada o día 9 de abril de 2025, de conformidade co disposto no artigo 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, acorda, por unanimidade dos membros de dereito da Corporación, aprobar o ditame da Comisión Informativa, que deseguido se recolle, en todos os seus termos, tendo en conta que transcorrido o prazo de achegas, por parte da cidadanía, de 7 días naturais dende a publicación do anexo na web municipal, e non constando que se presentara ningunha opinión para o seu estudo e posterior incorporación á Ordenanza Reguladora das prestacións Municipais de Emerxencia Social do Concello da Baña.

“Dáse conta do ditame da Comisión Informativa Única Asuntos do Pleno con data do 4 de abril de 2025 que deseguido se transcribe:

“DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA ÚNICA DE ASUNTOS DO PLENO RELATIVO Á APROBACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DA BAÑA

Expte. TEDEC: 2025/G013/000001 (Ordenanza).

Expte. TEDEC: 2025/G006/000039 (Proposta).

Expte. TEDEC: 2025/G012/000003 (Comisión informativa).

Expte. TEDEC: 2025/G010/000002 (Pleno).

Visto que en data 03/03/2025 procedeuse á emisión de providencia de Alcaldía mediante a que se ordenaba o seguinte:

“PRIMEIRO. *Que por parte dos servizos municipais se emita Informe-Proposta de Resolución tras os oportunos trámites preceptivos.*

SEGUNDO. *Co informe anterior, trasládese á Comisión Informativa de Asuntos do Pleno para o seu estudo e proposta de aprobación, que se elevará ao Pleno na próxima sesión que se celebre.”*

Visto que en data 03/03/2025 ditouse resolución da Alcaldía con número de decreto 156/2025, mediante o que se resolve entre outros, o seguinte:



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

“Primeiro: Acordar a necesidade dunha consulta pública, a través do portal Web do Concello da Baña (<https://www.concellodabana.gal>) na que se recollerá a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma.

Segundo: Acordar que unha vez realizado o trámite de consulta pública proceda á realización do trámite de audiencia, publicando o texto da ordenanza ao abeiro do disposto no artigo 133.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Examinada por parte desta Comisión Informativa Única de Asuntos do Pleno a documentación obrante no expediente de referencia e emitidas as seguintes consideracións por parte dos membros da mesma:

- *O señor Alcalde, don José Antonio Pereira Gil, dálle paso a Mónica, tenente de alcalde, para que explique de maneira resumida o contido da ordenanza.*
- *Non se producen intervencións de consideración.*

En virtude do disposto nos artigos 123 e ss do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, mediante o que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento o réxime xurídico das Entidades Locais, esta comisión informativa ditamina, por unanimidade, o seguinte:

Primeiro: *Aprobar inicialmente a Ordenanza de emerxencia social do Concello da Baña.*

Segundo: *Someter dita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.*

Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza municipal no portal web do Concello <https://sede.concellodabana.gal> co obxecto de dar audiencia ós cidadáns afectados e recadar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

Terceiro: *De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de Acordo expreso polo Pleno e o Acordo de aprobación definitiva tácita da Ordenanza, co texto íntegro da mesma, publicarase para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.*

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello <https://sede.concellodabana.gal>.

Ademais, remitirase á Administración do Estado e ó Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días, a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial, así como copia íntegra autenticada.

Cuarto. *Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.*



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ANEXO I

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DA BAÑA EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución española no seu artigo 39 establece que os poderes públicos deberán asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, así como a protección das persoas en situación de necesidade, desamparo, circunstancias graves ou de urxente necesidade por carencias económicas e socio-familiares. A carta magna tamén atribúe competencias ás Comunidades Autónomas entre as que se atopa no seu artigo 148.1.20 as competencias en materia de asistencia social mediante a cal, e no marco dos seus estatutos, se promulgaron as leis de servizos sociais, sendo en Galicia a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais.

A competencia municipal en materia de servizos sociais vén determinada polo previsto na Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local, que atribúe aos concellos no seu artigo 25.2.e) a avaliación e información de situacións de necesidade e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

As competencias que a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe aos concellos, sinálanse significativamente no artigo 60 (competencias para a creación, xestión e mantemento de servizos sociais comunitarios básicos), artigo 18.1.c) (prestacións económicas destinadas a satisfacer necesidades pecuniarias valoradas dos individuos ou das familias e a estimular a súa incorporación social e laboral), artigo 18.2.a) (carácter esencial) e artigo 18.3.(recoñecemento efectivo do dereito a unha intervención, un programa, un servizo ou unha prestación de carácter esencial).

A partir deste marco normativo xeral, o concello, como institución máis achegada á cidadanía, debe promover e garantir políticas de integración e normalización dos dereitos de todas as persoas que vivan na Baña, de maneira que poidan desfrutar de todos os recursos e servizos que lles permitan levar unha vida digna.

O Concello da Baña é consciente da cambiante situación socioeconómica en moitos dos fogares do concello nos últimos tempos e das situacións de emerxencia que se poden xerar, polo que é preciso desenvolver un regulamento normativo municipal ao respecto das prestacións de emerxencia social para artellar procedementos ou mecanismos de intervención que permitan acadar unha igualdade real e efectiva no acceso aos recursos dos servizos sociais municipais.

As axudas deberán concederse unicamente seguindo os criterios establecidos na presente ordenanza, mediante



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

unha valoración profesional que teña en conta a tipoloxía do problema ou a necesidade social que se vaia a cubrir, a pertinencia da axuda económica para dar resposta á demanda ou necesidade, o seu grao de urxencia, a non existencia doutros medios ou recursos para solucionala, a prevención da situación de risco e/ou desprotección e a necesidade de evitar o deterioro e situacións persoais que poidan rematar en procesos de exclusión social.

TITULO I – Disposicións xerais

ARTIGO 1 - Obxecto: *O obxecto desta ordenanza é establecer as bases reguladoras das prestacións de emerxencia social para a poboación do Concello da Baña que se atope en situación de vulnerabilidade e/ou risco de exclusión social.*

Para os efectos desta ordenanza, entenderase como prestacións de emerxencia social municipal aquelas prestacións de natureza económica, non periódicas, intransferibles e de carácter extraordinario e/ou puntual, destinadas a atender situacións de urxencia sobrevida que afecte a persoas ou unidades de convivencia nas que os recursos económicos sexan insuficientes para facer fronte ás necesidades básicas (ou destinadas a atender gastos extraordinarios e urxentes en situacións de grave emerxencia que poidan desencadear un proceso de exclusión social. AIS). Estas prestacións son incompatibles con calquera outra prestación para o mesma finalidade, a excepción de que aqueles casos que se valoren cun informe social indicando a complementariedade desta axuda con outra.

ARTIGO 2 - Persoas beneficiarias:

Serán beneficiarias destas axudas aquelas persoas ou unidades familiares de convivencia que se atopen nunha situación de vulnerabilidade e/ou risco de exclusión social e que carezan de recursos económicos para facer fronte ás necesidades básicas e non dispoñan doutras axudas para o mesmo fin ou estas sexan insuficientes para cubrir esas necesidades básicas.

Considérase situación de vulnerabilidade ou risco de exclusión social aquela condición social de risco ou dificultade que inhabilita e invalida de maneira inmediata ou no futuro ás persoas afectadas para cubrir as necesidades básicas como alimentación, coidados hixiénicos básicos, mantemento da vivenda habitual, atención educativa e sociosanitaria.

Considerase unidade familiar aquela formada por unha ou mais persoas unidas por vínculo matrimonial e familiar ata o cuarto grao por afinidade ou consanguinidade.

ARTIGO 3 - Requisitos:

- **Ter unha situación de vulnerabilidade e/ou risco de exclusión social *avaliada polos servizos sociais municipais mediante informe social.***
- **Residencia habitual, real e efectiva ininterrompida no Concello da Baña cunha antigüidade mínima de 6 meses inmediatamente anteriores á presentación da solicitude, a excepción dos seguintes casos:**
 - o **As vítimas de violencia de xénero.**



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

- o As persoas emigrantes galegas, que sexan orixinarias do concello da Baña, cando fixen aquí a súa residencia.
- o As persoas estranxeiras, refuxiadas ou con solicitude de asilo en trámite, así como as que teñan autorizada a súa estancia por razóns humanitarias, sempre que en todos os casos cumpran o resto dos requisitos para solicitar esta axuda.

- Ter 18 anos cumpridos no momento da solicitude.
- Que ningunha persoa membro da unidade familiar de convivencia fora beneficiaria dunha Axuda Municipal de Emerxencia Social para a mesma finalidade, dentro do mesmo exercicio económico, excepto para as axudas contempladas no artigo 4.1, 4.2, 4.3 e 4.5.
- Que ningunha persoa membro da unidade familiar de convivencia fora beneficiaria de axudas concedidas por outra Administración Pública, organismo ou entidade, para a mesma finalidade, dentro do mesmo exercicio económico, que cubran o 100% da necesidade pola que se solicita a prestación.
- Que a persoa solicitante careza de medios económicos. Entendese por carencia de medios económicos cando a suma de ingresos de todos os membros da unidade de convivencia, unha vez deducidos os gastos ocasionados polo alugueiro ou amortización da vivenda (ata un máximo de 350 euros por ud. Familiar), non superen as porcentaxes do IPREM mensual que se indican a continuación:

Nº membros Límite de ingresos 75% do IPREM

D 90% do IPREM

E 105% do IPREM

F 115% do IPREM

Gou máis 130% do IPREM + 15% por membro adicional

- Non se considerarán como recursos económicos os que seguen:
- Ingresos non regulares de escasa contía que unicamente resulten dun complemento de supervivencia.
- Ingresos de carácter finalista dirixidos á formación regrada. Ingresos por asistencia a cursos de formación non regrada sempre que pola súa contía se deduza que só se remuneran os gastos de asistencia ao curso ou incentiven á formación.
- Prestacións familiares por fillo a cargo.
- Prestacións económicas derivadas da lei 39/2006 de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Situacións de Dependencia.
- Capital mobiliario: entenderanse medios económicos suficientes no que respecta ós recursos procedentes do capital mobiliario e para a valoración da concesión das presentes axudas, os que superen 2 veces o importe do IPREM, en contas de aforros e/ou investimentos de toda a unidade familiar (tomarse o saldo recollido nos movementos bancarios dos 6 meses anteriores á data da solicitude).



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

- *Capital inmobiliario: que a persoa solicitante ou calquera membro da unidade familiar non teña en propiedade ou en réxime de usufruto bens inmobles dos que poida obter un rendemento económico, excluindo deste a vivenda habitual.*
- *Non dispoñer de outros bens mobles ou inmobles que indiquen signos externos de riqueza.*
- *Que a unidade familiar cumpra co plan de traballo e/ou seguimento establecido polos servizos sociais comunitarios básicos ou polo servizo especializado que corresponda.*

Excepcionalmente poderán ser beneficiarias as persoas que non cumpran estes requisitos, previo informe social de valoración da Traballadora ou traballador social dos Servizos Sociais municipais.

TITULO II – Tipoloxía das prestacións

ARTIGO 4 - Tipoloxías das prestacións:

1. *Apoio na alimentación, hixiene persoal e doméstica: prestación económica para cubrir as necesidades básicas de alimentación, vestimenta, e coidados básicos diarios. Destas axudas quedarán excluídas as bebidas alcohólicas, bebidas enerxéticas e bebidas azucradas, produtos “gourmet”, así como cosméticos e perfumes ou calquera outro determinado polos servizos sociais.*
2. *Gastos sanitarios : gastos referidos a produtos farmacéuticos prescritos por persoal médico do Servizo Galego de Saúde. Coidados sanitarios, desprazamentos, próteses e axudas técnicas que non estean incluídas no catálogo do Sergas e se valoren como necesarias para alcanzar unha maior autonomía ou mellora nos coidados que precisa a persoa solicitante.*
3. *Gastos de desprazamento : Gastos referidos a asistencia a recursos asistenciais fora do propio municipio cando sexan motivados polas xestións ou actividades relacionadas co proxecto de intervención e non sexan compatibles co exposto na ordenanza do “Bono taxi”.*
4. *Mantemento e uso da vivenda : gastos referidos á residencia habitual, real e efectiva da persoa solicitante, sempre e cando estea situada no termo municipal da Baña e se refira aos seguintes:*
 - a) *Alugamento da vivenda ou pagamento da cota de préstamo hipotecario.*
 - b) *Gastos asociados a unha nova vivenda de alugueiro, cando esta supoña un gasto inicial extraordinario, coma a fianza, o equipamento ou mobiliario básico.*
 - c) *Subministracións básicas, cando sexa un impago puntual.*
5. *Apoio nos gastos de actividades deportivas e de ocio cando sexan motivados polas xestións ou actividades relacionadas co proxecto de intervención.*



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

6. Axudas para enterro : con estas cubriranse os gastos básicos do enterro que en casos excepcionais e debidamente xustificados poderanse cubrir gastos de incineración.

7. Outros gastos excepcionais, non recollidos nos apartados anteriores, debidamente acreditados mediante informe social pola traballadora social de referencia, e que sexan indispensables para previr a situación de risco de exclusión social.

ARTIGO 5 – Contía das axudas:

C Para as axudas descritas nos puntos 4.1, 4.2, 4.3 e 4.5, ata un máximo do 40% do IPREM mensual por unidade de convivencia. Esta axuda poderá concederse ata 2 veces no ano á mesma unidade familiar.

D Para as axudas descritas nos puntos 4.4, 4.6 e 4.7 ata un máximo do 40% IPREM anual, en 12 pagas. No mesmo ano non se concederá máis de unha axuda a mesma unidade familiar polos conceptos descritos nestes puntos.

A dispoñibilidade orzamentaria destas axudas virá dada polo establecido no orzamento municipal anual, na partida consignada a tal efecto.

TITULO III – Concesión e xustificación das axudas

Artigo 6 – Forma, lugar e prazo de presentación de solicitudes

- As solicitudes, que deberán ir acompañadas pola documentación especificada no artigo 7, formalizaranse mediante instancia xeral ou conforme ao modelo establecido nesta ordenanza (Anexo I), e presentaranse no rexistro municipal ou por calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Os expedientes poderán ser incoados de oficio, mediante informe social emitido polo persoal técnico de servizos sociais, cando concorran circunstancias extraordinarias ou urxentes que así o aconsellen.
- As solicitudes das axudas de emerxencia social poderán presentarse en calquera momento do ano.

Artigo 7 – Documentación

A documentación para a valoración da prestación é a que figura a continuación. O persoal técnico de servizos sociais, co fin de tramitar o expediente e acreditar o cumprimento dos requisitos que dan acceso a estas prestacións, pode solicitar calquera outra documentación non especificada neste artigo para a elaboración do informe social preceptivo a todas as axudas reguladas nesta ordenanza.

A documentación que debe acompañar a solicitude será a seguinte:

- Solicitude cuberta e asinada.
- Padrón colectivo histórico ou autorizar á súa consulta.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

- *Fotocopia do libro de familia, se é o caso.*
- *Sentencia de separación ou divorcio, convenio regulador e denuncia, se é o caso, de impago de pensións alimenticias e/ou compensatorias.*
- *Tarxeta de demandante de emprego de todas as persoas da unidade de convivencia maiores de 16 anos.*
- *Certificado da oficina de emprego de se cobran ou non prestacións os maiores de 16 anos.*
- *Certificado de percibir ou non pensións das administracións públicas (Seguridade Social).*
- *Certificado de percibir ou non Prestación por fillo/a a cargo (Seguridade Social).*
- *Certificado de Vida laboral dos maiores de idade. (Seguridade Social)*
- *Declaración da Renda ou certificado negativo de facenda.*
- *Contrato de traballo e dúas últimas nóminas dos maiores de 16 anos que realicen actividade laboral.*
- *Declaración responsable de ingresos.*
- *Declaración xurada sobre os membros con obriga legal de prestar alimentos.*
- *Estimación mensual de gastos en necesidades primarias.*
- *Extracto de movementos bancarios dos últimos 6 meses de todas as contas bancarias da unidade familiar.*
- *Contrato de alugueiro ou recibo do pago da contribución. Se é o caso, recibo de hipoteca. E últimos recibos.*
- *No caso de haber menores, certificado de estar matriculado no centro escolar e das faltas de asistencia.*
- *Dependendo da tipoloxía da axuda, e se fora o caso:*
 - *Xustificante de débedas*
 - *Orzamentos*
 - *Informes médicos e medicación prescrita*
 - *Certificados de discapacidade/dependencia*
 - *Autorización cesión de pago.*
 - *Outros*

Conforme ao artigo 28.2 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

administracións públicas, as persoas interesadas non teñen a obriga de aportar documentación que xa obre no poder do Concello da Baña, salvo que esta se opoña.

Artigo 8 – Resolución e notificación

A tramitación e resolución destas axudas seguirá o seguinte procedemento:

1º. Presentación da solicitude segundo o modelo oficial no Rexistro Xeral do Concello da Baña, ou por calquera dos medios indicados na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, xunto coa documentación que se recolle na presente ordenanza. A solicitude poderase iniciar tamén de oficio, mediante informe técnico emitido polo propio departamento, que iniciará o expediente a todos os efectos.

2º. Revisión da solicitude e da documentación presentada por parte dos servizos sociais. Se esta non aportase todos os datos ou documentos que se consideren precisos, con anterioridade, requirirase á persoa interesada para que, nun prazo de 10 días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, co conseguinte arquivo tal e como reflicte a vixente lei de procedemento administrativo.

3º. Estudo e valoración da situación de necesidade por parte da traballadora social dos servizos sociais e elaboración dun informe social no que se recollan as circunstancias sociofamiliares e económicas da unidade familiar, os datos da vivenda, a situación de necesidade e calquera outro dato que se considere relevante. Así mesmo, deberá recoller unha valoración profesional e unha proposta de resolución.

4º. A resolución do procedemento será mediante Decreto de alcaldía ou Xunta de Goberno Local. No suposto de ditarse unha resolución desfavorable deberá ser motivada.

5º. Notificación á persoa interesada, no prazo máximo de 10 días hábiles, da resolución de concesión ou denegación, con indicación dos recursos que poderá interpoñer contra á mesma.

A concesión destas axudas estará condicionada pola existencia de crédito orzamentario dispoñible nos orzamentos municipais de cada anualidade.

Artigo 9 – Abono e xustificación

1. O importe de concesión librarase mediante un único pagamento que se fará á persoa ou entidade que esta autorice (pagamento delegado) que preste o servizo para o que se solicita a axuda, e unha vez realizado o



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

mesmo. Excepcionalmente, previo informe técnico, poderase facer o pagamento directamente ao solicitante. Os pagamentos faranse mediante transferencia bancaria ou anticipo de pago que deberá xustificar posteriormente, de selo caso.

2. A axuda xustificarase no prazo dun mes dende que se lle notifique a súa concesión, e farase mediante facturas ou outros documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que deberán ser presentadas no rexistro xeral do Concello da Baña.

Artigo 10 – Obrigas da persoa beneficiaria

Son obrigas da persoa beneficiaria:

a) Destinar a axuda á finalidade concedida.

b) Acreditar ou xustificar a realización da actividade financiada, e o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión da axuda.

c) Permitir e facilitar a actuación dos Servizos Sociais para avaliar a situación e comprobar a aplicación da axuda á finalidade para a que se concedeu.

d) Comunicar ao concello calquera variación que se produza na situación socioeconómica e familiar no prazo de 10 días. Este caso dará lugar a unha nova valoración da situación que poderá modificar, manter ou extinguir a axuda inicialmente concedida.

e) Gardar as facturas referidas aos gastos das mesmas durante o prazo dun ano, no caso de axudas para necesidades primarias.

TITULO IV – Réxime sancionador

Artigo 11 – Seguimento e réxime sancionador

1. Os servizos sociais municipais farán un seguimento das situacións de necesidade protexidas por estas prestacións de emerxencia, así como o destino que se lles dean, polo que poderán solicitarlles ás persoas beneficiarias a información ou a documentación necesaria para o exercicio desta función de forma axeitada.

2. A ocultación ou falsidade dos datos ou documentos achegados pola persoa perceptora da axuda, a non xustificación da axuda, así como o feito de destinar a axuda a un fin distinto daquel para a que foi concedida, implicará o impedimento de presentar unha nova solicitude por un período de dous anos, sen prexuízo das responsabilidades que desta conduta se puideran derivar.

3. Procederá a revogación da axuda e o reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas máis o interese legal do diñeiro que resulte de aplicación, dende o momento de aboamento da axuda, supostos especificados no punto anterior. Ademais, procederá o reintegro do exceso nos supostos en que, por concesión de subvencións ou



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

axudas doutras administracións públicas, a contía das axudas outorgadas supere o custo da actividade para o que se concedeu a mesma.”

A Baña, 11 de abril de 2025

O alcalde, José Antonio Pereira Gil